

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE ABRE NOVAS INSCRICIÓNS EN LISTAS A TRAVÉS DO EXPEDIENTE ELECTRÓNICO DO PROFESIONAL

- ***O formulario estará dispoñible dende mañá, 27 de marzo ata o 26 de abril, data no que finaliza o prazo***
- ***O acceso as listas está aberto ao persoal interesado que reúna os requisitos e tamén a todo o persoal fixo por promoción profesional***

Santiago, 26 de marzo de 2012.- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica hoxe o anuncio polo que se da publicidade ao inicio de prazos de inscrición en listas para as categorías de Enfermaría, Matrón/a, Facultativo/a Especialista en Psicoloxía Clínica, Traballador/a Social, así como para Logopeda, Técnico/a superior en prevención de riscos laborais e Técnico/a de grao medio en prevención de riscos laborais.

Deste xeito, por primeira vez, facilítase a inscrición electrónica nestas novas 8 listas para contratación temporal, o que permitirá axilizar a tramitación das convocatorias. Ademais, co novo sistema de inscrición, evítanse os impresos anteriores, o que supón un aforro de máis de 40.000 euros e simplifícanse os procesos, resultando accesibles, transparentes e de xestión inmediata.

Este proceso é o terceiro que se executa a través do Expediente electrónico do profesional. O primeiro comezou o 2 de novembro do 2011 no que se inscribiron máis de 2.500 persoas; e o segundo formalizouse o 1 de decembro do ano pasado no que formularon a súa inscrición máis de 15.000 persoas.

En ambos dous procesos xa foron publicadas as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas. O novo sistema púxose en marcha o 21 de xullo de 2011 e actualmente, están convocadas 16 categorías.

Procedemento de inscrición

As solicitudes de inscrición en listas destas novas categorías convocadas a través do Expediente electrónico realízanse nun formulario oficial a través do Fides/expediente-e no apartado de "procesos". Este formulario estará dispoñible dende mañá, 27 de marzo, día do inicio do prazo de inscrición, ata o 26 de abril deste mesmo ano.

Así, coas persoas inscritas ata esta data, xerarase a primeira lista con baremación automatizada. A inscrición debe formalizarse automaticamente, imprimirse unha vez confirmada e presentarse xunto coa documentación requirida nun rexistro administrativo.

O acceso as listas está aberto ao persoal interesado que reúna os requisitos e tamén a todo o persoal fixo por promoción profesional. Ademais, dispoñen de medios técnicos asesoramento e información para inscribirse nos 28 puntos de atención situados nos centros de Xestión do Servizo Galego de Saúde.

Para as categorías xa convocadas anteriormente, o formulario está dispoñible dende entóns, podendo formalizar a inscrición en calquera momento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Anterior convocatoria

Na anterior convocatoria figuraban inscritos 8.736 admitidos en Enfermaría; 185 en Enfermaría do 061; 128 en Matrán/a; así como 875 admitidos en Técnicos superiores de prevención; 187 en Logopeda; 629 en Traballador/a Social e 83 en Psicólogos Clínicos.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE SANIDADE